

COÑECE A NAVEGACIÓN A VELA E MOTOR

1. CONTEXTUALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

Dentro das actividades de ocio e deportivas, así como nos momentos de lecer relacionadas co mar, a praia e o río tomamos contacto cada vez máis co deslizamento a vela, o motor e a propulsión a remo ou pa. Na nosa proposta centraremos na navegación a vela e motor, que son as embarcacións máis empregadas nas actividades humanas da nosa contorna.

Na navegación actual o uso das embarcacións a motor é imprescindible xa que logo son a base da seguridade e o medio máis habitual de transporte no medio mariño. O coñecemento do seu funcionamento e as medidas de seguridade básicas son importantes.

A navegación a vela forma parte da nosa historia como medio de pesca, cabotaxe e transporte marítimo. O seu uso deportivo e de lecer é unha realidade na nosa comunidade. A meirande parte dos portos ofrecen servizos recreativos.

2. ÁMBITO XEOGRÁFICO

Dirixida a nenos/as dentro do ámbito de Xogade, en nun radio de acción que permita a realización da actividade, fundamentalmente ría de Muros e Noia (portos de Portosín e Muros).

3. TEMPORALIZACIÓN

Curso 2013-14, en horario de mañá (10:00-14:00).

4. OBXECTIVOS E CONTIDOS DA ACTIVIDADE

- Vivenciar a navegación en embarcacións a vela e o seu deslizamento.
- Coñecer os principios fundamentais de propulsión co vento e o mar.
- Estabilizar unha embarcación a vela modificando os pesos corporais nas maniobras e a navegación.
- Ser capaz de aproveitar a enerxía eólica e aproveitala deslizando no mar.
- Vivenciar a navegación en embarcacións pneumáticas con propulsión a motor.
- Coñecer os principios básicos da propulsión a motor.

5. ESTRUCTURACIÓN DA ACTIVIDADE

Programación:

Días previos:

Breve explicación na aula e entrega de folletos informativos do que será o desenvolvemento da actividade con documentación aportada polo centro náutico así como consellos e advertencias para o disfrute da actividade. (roupa para a actividade e para despois).

Por tratarse dunha actividade ao aire libre, os días previos estarase en contacto co profesor responsable para a posible anulación da actividade no caso de que as condicións meteorolóxicas superen os 18 nós de intensidade ou se teña previsión de choiva intensa según informes de meteoroloxía na zoa de realización da actividade.

Lugar de navegación:

Porto de Portosín ou porto do Freixo: en función da proximidade do centro escolar.

Ría de Muros: moi axeitada pola proximidade de zoas de abrigo, e a ausencia de perigos na zoa de navegación.

Día da actividade:

· **10.00 horas:** saída do autobús dende o centro educativo en dirección ao centro náutico.

· **10.30 horas:** recepción dos participantes, charla de benvida e explicación detallada da actividade e das rutinas.

· **11.00 horas:** entrega de chalecos e asignación de material náutico e preparación para a actividade.

· **11.15 horas:** simulación en terra das viradas e situacións a bordo.

· **11.30 horas:** montaxe do barco escola e saída á zoa de navegación. Realización de maniobras e percorridos acordados según as condicións e dirección do vento.

Durante o transcurso do percorrido irase promovendo a participación de todos os membros da tripulación nos distintos labores da bordo. (timón, cazado ou lascado da maior, cazado ou lascado do foque, equilibrio do barco, etc). Ademais de aumentar o coñecemento sobre o medio mariño (flora, fauna, oficios, espazos xeográficos)

· **13.00 horas:** volta á zoa de embarcadorio.

· **13.20 horas:** charla de despedida, rolda de preguntas e suxestións.

· **13.30 horas:** saída de volta para o centro educativo.

· **14.00 horas:** chegada ao centro educativo.

Días posteriores:

Chegada ao centro educativo de material gráfico relativo á actividade.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios técnicos.

INSCRICIÓNS E INFORMACIÓN

Organizadores:

Centro náutico municipal de Outes - Concello de Outes.

Real Club Náutico Portosín – Concello de Porto do Son.

Información:

Contacto: Alex Pombo

Correo electrónico: centronautico@ouotes.es, teléfono: 616 324 098.

Contacto: Sergio del Río

Correo electrónico: escuelavela@cnportosin.com

Teléfono: 981 766 583

Custo:

Contactar coas entidades organizadoras.

Coberturas:

A Secretaría Xeral para o Deporte colabora neste proxecto facilitando a todos os participantes un seguro de accidentes gratuíto, tanto para os deportistas como para os monitores que os acompañan na actividade.

Prazas:

20 prazas por cada grupo de navegación.